

# Actividades para proxectos | Bloque 3 : Interacción

Primaria. 3 a 7 anos

## Let'screate a story!

	<b>Educación Primaria</b> 3 a 7 anos
	<b>Nivel</b> Medio
	<b>Temporalización</b> 6 a 8 sesións
	<b>Socios</b> 4 a 6 socios

### DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Creación dun libro cooperativo dixital. Partindo dun conto previamente traballado, crearíase unha versión do mesmo na que cada centro vai elixindo libremente o lugar onde se realizaría a acción, a trama e os personaxes que interveñen na mesma.

### OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

Colaborar, como membros dun equipo internacional, na realización dun e-book. Continuar, completar e finalizar o traballo iniciado por un dos membros do equipo.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

#### Fase 1: Preparación

##### Paso 1:

Iníciase o proceso creando un libro dixital, por exemplo con Utellstory ou Voicethread, que de inicio só leva o título. Nunha páxina do Twinspace incrustase dito libro e márcanse as pautas para desenvolver a actividade. Ó longo da actividade vanse engadindo as partes novas do conto. Deste modo pódese acceder con facilidade ó mesmo e ir comprobando o transcurso da historia.



<http://www.utellstory.com/>

## Fase 2: Posta en práctica

### Paso 2:

O primeiro centro prepara a primeira parte da historia. O seu alumnado decidiu, mediante votación, en qué lugar se vai desenvolver a acción, o primeiro personaxe que aparecerá e os primeiros textos que inician o argumento. Todo o alumnado propón e presenta textos e debuxos da primeira escena, elíxense por votación os que formarán a primeira parte do libro dixital.

O segundo centro terá que continuar a historia introducindo un novo personaxe, un novo escenario e unha nova trama. E así sucesivamente...

Créanse subpáxinas na páxina “A collaborative digital Book” no Twinspace onde cada centro amosa os novos elementos que aportará á historia e o proceso que seguiron para seleccionalos.



### Paso 3:

Unha vez rematado todo o conto, o seguinte paso consiste en crear os audios de cada unha das partes da historia. Para isto cada centro gravará os textos doutra escena distinta á que creou para conseguir unha colaboración entre equipos internacionais. Engádense os audios ó conto dixital.



### Paso 4:

Tanto o alumnado como o profesorado foron comprobando o transcurso da historia, descubriendo día a día as aportacións de cada un dos membros do proxecto, lendo, escoitando e comentando co alumnado para facilitar a comprensión do conto.

## Fase 3: Recollida de datos e promoción.

### Paso 5:

Créase unha páxina no Twinspace onde se amosa cómo o alumnado dos distintos centros visionaron, escoitaron e disfrutaron do libro dixital colaborativo.



## **Paso 6:**

Coméntase a actividade no Diario do Twinspace.



### **PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)**

- Libro dixital colaborativo realizado por todos os membros do proxecto.
- Presentación de vídeos e fotografías no Twinspace.

### **FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS**

- TwinSpace para compartir fotos ou vídeos da actividade.
- [Utellstory](#) para a elaboración do libro dixital.
- [Voicethread](#) outra ferramenta para a elaboración do libro dixital.
- [Slidely](#) para a presentación de fotografías.